



Concello de Vigo  
Expte. 4675/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 18/2024

#### SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE OUTUBRO DE 2024

#### ORDE DO DÍA

- Actas anteriores:** extraordinaria do 24 de setembro e ordinaria do 30 de setembro.

#### PARTE RESOLUTIVA

##### Ditames das comisións informativas:

##### ORZAMENTOS E FACENDA

- Dar conta do Estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2024, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 290/143 (Expte. Pleno 4666/1101).
- Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2024. Expte. 28736/541 (Expte. Pleno 4668/1101).

##### Mocións:

- Moción do grupo municipal Socialista esixíndolle á Xunta de Galicia a inversión de cinco millóns de euros para a mellora da eficiencia enerxética necesarias nos centros educativos vigueses. Expte. Pleno 4680/1101.
- Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de Galicia unha inversión significativa para a mellora das infraestruturas viarias. Expte. 4681/1101.
- Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a gratuidade pola utilización da autoestrada AG-57, entre Vigo e Baiona. Expte. 4682/1101.
- Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de Galicia unha inversión significativa para a mellora da fachada de costa, dende Teis ata San Miguel de Oia. Expte. 4683/1101.



8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á planificación dos recursos humanos no PAC. Expte. 4684/1101.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **Mocións.**

9. Moción do grupo municipal do BNG para instalar na cidade un monumento conmemorativo das históricas loitas obreiras de 1972. Expte. Pleno 4676/1101.
10. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre os incumprimentos e inexecucións do goberno local nos investimentos en Teis. Expte. 4679/1101.

#### **Resolucións.**

11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 24/09/24 e o 21/10/ 24, incluídas no expediente 1768/1102 (Expte. Pleno 4677/1101).
12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 24/09/24 e o 21/10/24, incluídas no expediente .1769/1102 (Expte. Pleno 4678/1101).
13. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 26.09.24, pola que se resolve que a concelleira, Sra. Iglesias López, desempeñará a súas funcións en réxime de dedicación parcial de vinte e seis (26) horas. Expte. Pleno 3891/1101.
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde  
Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.ª del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia

##### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel  
García González, Patricia  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, Mª Luisa

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo  
4720-1101

Data impresión: 23/01/2025 09:43

Páxina 2 de 34

CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

NON ASISTEN:

Espinosa Mangana, Elena, concelleira do grupo municipal Socialista  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cincuenta e catro minutos (09:54) do día vinte e oito de outubro do ano dous mil vinte e catro (28/10/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.(191). ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DO 24 DE SETEMBRO E ORDINARIA DO 30 DE SETEMBRO.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (25) da Corporación apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 16/2024 extraordinaria, celebrada o 24/09/2024.
- Sesión núm. 17/2024 ordinaria, celebrada o 30/09/2024.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

**2.(192). DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2024, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 290/143 (EXPTE. PLENO 4666/1101).**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 3 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANTECEDENTES.- Dase conta do Estado de Execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2024, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias, de data 7 de outubro de 2024, que di o que segue,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2023.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2024, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de SETEMBRO de 2024.

O formato dos informes que se relacionan da Entidade e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, son extraídos do aplicativo GEMA, tanto dos informes de da Execución Trimestral como do avance da Conta Xeral ao 30/09/2024.

Información sobre as entidades do Grupo con Orzamento Limitativo

Gastos e ingresos por capítulos máis resultas da Entidade o da XMU

Gastos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU

Ingresos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU

Modificacións Orzamentarias da Entidade o da XMU

Devolución de ingresos da Entidade o da XMU

Recadación Neta da Entidade e da XMU

Saldos non orzamentarios (Debedores, Acredores, Ingresos e pagos pendentes de aplicación) da Entidade e da XMU

Remanente de Tesourería da Entidade e da XMU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 4 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Resultado Orzamentario da Entidade e da XMU

Estado de Tesourería da Entidade e da XMU

Fluxos de Efectivo da Entidade e da XMU

Estados consolidados

Gastos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados  
Ingresos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados  
Gastos por Programa e aplicación do exercicio corrente dos estados consolidado  
Ingresos por subconceptos do exercicio corrente dos estados consolidado

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

NOTA: como consecuencia do novo aplicativo de Contabilidade orzamentaria-Financeira e Patrimonial, que comezou a súa implementación o día 1 de marzo ás 14 horas , os informes que se remiten presentan unha configuración distinta. Toda a información é a consolidada corresponde aos entes con orzamento Limitativo. (Entidade e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo)."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 21.10.2024, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do Estado de Execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2024.

**3.(193). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO 2024. EXPTE. 28736/541 (EXPTE. PLENO 4668/1101).**

ANTECEDENTES.- Dase conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 3º trimestre do ano 2024 e PMP dos 6 primeiros meses do ano 2024, de data 8 de outubro de 2024, que di o que segue,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 5 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I. Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 6 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:  
(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

(.....)

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"*

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 7 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

Para as que se atopen pagadas ao final do período de cómputo

- A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 8 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Para as pendentes de pago

Pendientes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcurridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcorridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.

Pedientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en rexistro até final do período de cómputo é mayor que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa conformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 9 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

V.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2024.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2024 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
<b>Pagos feitos no trimestre</b>				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1,398	69	125	34
Importe dos pagos	47,956,442.86	310,025.81	130,597.06	67,309.13
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	9		7	0
Importe	21,603.42		6,799.66	.00
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>10,97 días</b>	<b>18,55 días</b>	<b>17,90 días</b>	<b>3,67 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	189	31	14	0
Importe dos pagos	7,016,221.37	181,787.59	24,910.06	.00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 10 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	20	0	0	0
Importe	324,060.44	.00	.00	.00
<b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b>	<b>10,37 días</b>	<b>4,66 días</b>	<b>17,35 días</b>	<b>0,00 días</b>

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

#### Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	9.74	21.08	21.06	2.44	7.24	8.40	10.75	0.00
Segundo	10.42	12.67	8.93	12.63	11.72	13.60	5.22	0.00
Terceiro	10.97	10.37	18.55	4.66	17.90	17.35	3.67	0.00
Cuarto								

#### En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
<b>Primeiro</b>	24,526,644.15	5,235,215.01	354,404.42	55,259.64	156,026.25	2,526.43	253,408.82	.00
Nº pagos	1,028	240	65	15	139	1	43	0
<b>Segundo</b>	38,544,643.32	4,693,089.96	451,813.68	151,496.27	145,228.54	28,346.39	43,197.29	.00
Nº pagos	1,363	249	86	26	145	15	64	0
<b>Terceiro</b>	47,978,046.28	7,340,281.81	310,025.81	181,787.59	137,396.72	24,910.06	67,309.13	.00
Nº pagos	1,407.00	209.00	69.00	31.00	132.00	14.00	34.00	.00
<b>Cuarto</b>								
Nº pagos								

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 11 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2023												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	9.47	6.58	19.14	15.28	8.63	7.45	9.38	13.75	8.52			
MARCO	23.40	31.85	25.28	10.28	17.91	11.23	17.00	16.50	17.34			
XMU	18.95	2.77	7.80	4.80	5.18	9.25	11.49	15.63	2.55			
V. C.BUR.	19.14	10.60	2.50	3.75	8.82	5.93	3.57	1.53	5.91			
<b>PMP Global</b>	<b>10.03</b>	<b>6.71</b>	<b>19.08</b>	<b>18.14</b>	<b>8.59</b>	<b>7.51</b>	<b>9.42</b>	<b>13.76</b>	<b>8.50</b>			

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2024

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	7,550,444.31	2,459,204.85	245,525.15	42,229.96	12,065.11	47,434.22	249,096.52	0.00
Febreiro	12,823,151.44	3,513,411.45	49,906.55	59,324.79	54,090.52	48,337.97	2,640.93	0.00
Marzo	6,817,787.05	5,288,235.69	60,969.91	55,259.64	89,870.62	2,526.43	1,671.37	0.00
Abril	16,306,752.93	2,571,343.07	82,011.75	75,078.86	64,014.09	18,639.40	11,149.59	6,913.32
Maio	14,478,535.10	1,302,352.65	96,137.62	209,297.35	47,804.90	1,741.53	26,558.76	0.00
Xuño	11,902,088.83	4,693,089.96	273,664.31	151,496.27	33,409.55	28,346.39	5,488.94	0.00
Xullo	12,672,744.84	11,506,020.53	98,456.99	195,011.29	65,124.89	8,805.10	41,809.46	0.00
Agosto	19,463,541.14	8,431,744.08	211,568.82	34,461.08	19,803.96	27,646.65	19,617.60	0.00
Setembro	20,138,467.43	7,435,542.26	.00	181,787.59	52,467.87	24,910.06	5,882.07	0.00
Outubro								
Novembro								
Decembro								
<b>TOTAL</b>	<b>122,153,513.07</b>		<b>1,118,241.10</b>		<b>438,651.51</b>		<b>363,915.24</b>	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 12 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 21.10.2024, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 3º trimestre do ano 2024.

\*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

\*.- **Incidencia.** O Sr. Alcalde informa de dúas mocións de urxencia de control, presentadas polo voceiro do BNG e polo voceiro do Partido Popular, e que serán tratadas despois do punto nº 10 como 10A e 10B.

\*.- **Incidencia.** Ás 10,45 h., auséntanse da sesión o Alcalde Presidente, a concelleira Sra. Rodríguez Calviño e o 2º Tenente de Alcalde Sr. Pardo Espiñeira, do grupo municipal socialista. Continúa a sesión, presidida pola 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

## MOCIÓNS:

### **4.(194). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXÍNDOLLE Á XUNTA DE GALICIA A INVERSIÓN DE CINCO MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NECESARIAS NOS CENTROS EDUCATIVOS VIGUESES. EXPTE. PLENO 4680/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2024, número 4680/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O acordo político sobre a revisión de Directiva de Eficiencia Enerxética (DEE), alcanzado en Bruxelas en marzo de 2023, establece o obxectivo obrigatorio de reducir o consumo final de enerxía en toda a UE nun 38% para 2030.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 13 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A DEE inclúe unha disposición especial para que o sector público lidere a xeración de novos aforros enerxéticos cun obxectivo específico interanual.

Polo tanto, a optimización e mellora da eficiencia enerxética nos centros educativos debería ser un dos factores clave para a xestión, control e funcionamento dos colexios.

Os beneficios da aposta pola sustentabilidade enerxética no eido educativo van desde o aforro enerxético e económico pola redución do consumo de enerxía ou unha mellora estética dos edificios, a valores máis intanxibles como a creación de espazos de traballo máis cómodos, unha mellora no ensino e o uso responsable da enerxía en favor do medioambiente.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

#### ACORDO

- Esixirlle á Xunta de Galicia a inversión de cinco millóns de euros para a mellora da eficiencia enerxética nos centros educativos vigueses.”

*\*.- Incidencia. A iniciativa da concelleira de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación, a Corporación posta en pé, garda un minuto de silencio pola defunción da xefa de Normalización Lingüística, Dona Marta Souto González.*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (14), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

#### ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2024 (Rex. Nº 4680/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, “Esixíndolle á Xunta de Galicia a inversión de cinco millóns de euros para a mellora da eficiencia enerxética nos centros educativos vigueses”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*\*.- Incidencia. Ás 11,10 h., auséntase da sesión a concelleira Sra. García González, do grupo municipal do Partido Popular. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e un (21) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

### **5.(195). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA UNHA INVERSIÓN SIGNIFICATIVA PARA A MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 4681/1101.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 14 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2024, número 4681/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“Vigo está a punto de ordear o seu urbanismo, a través da aprobación do PXOM, para as vindeiras décadas. Esta ordenación das edificacións debe ir acompañada de infraestruturas de mobilidade que faciliten tanto a mobilidade interior na cidade como a acceso a, e dende, vías de interese municipal.

Observamos como o Proxecto de Orzamentos da Xunta para 2025 contempla inversións na conexión entre a Nacional VI e a AP9 (15.000.000) na provincia da Coruña, a Variante da Costa Norte (4.000.000), o acondicionamento do Eixo Friol-Begonte-Palas (2.000.000), a estrada do Folgoso do Courel (3.000.000), a estrada de A Lama (2.000.000), a vía entre Baio e Berdoias (8.000.000), o corredor Nadela-Sarria (2.000.000), o acceso ao porto seco de Monforte (500.000), a autovía Brión-Noia (4.000.000), a variante de Carballo (500.000), a Ronda Este de Lugo (5.000.000), a circunvalación de Ourense (1.000.000), o acceso ao Hospital de Ourense (1.000.000) ademáis dunha segunda cidade para Santiago: a cidade de San Caetano (14.489.635)

Estas inversións, sen dúbida, mellorarán a vida das persoas que residan ou traballen no seu entorno pero, para Vigo, soamente se contempla 1.000.000 para a mellora da seguridade viaria e da accesibilidade en estradas autonómicas en Vigo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

### ACORDO

- Demandar da Xunta de Galicia unha inversión significativa para a mellora das infraestruturas viarias por importe de 10.000.000 de euros.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓNS: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (14), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e catro votos (4) en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

### ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2024 (Rex. Nº 4681/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, “Demandando da Xunta de Galicia unha inversión significativa para a mellora das infraestruturas viarias”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 15 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

\*.- **Incidencia.** Ás 11,18 h., incorpóranse á sesión o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, pasando a presidir a sesión, e a concelleira Sra. Rodríguez Calviño, do grupo municipal Socialista. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

## 6.(196). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A GRATUIDADE POLA UTILIZACIÓN DA AUTOESTRADA AG-57, ENTRE VIGO E BAIONA. EXPTE. 4682/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2024, número 4682/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“En datas recentes, o Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou o rescate de catro autovías galegas con “peaxes en sombra”, as de Barbanza, O Salnés, Ourense-Celanova e Santiago- Brión, cun desembolso total de 297 millóns de euros.

Por contra, o goberno de Rueda mantén as peaxes na autoestrada, de xestión autonómica, do Val Miñor que comunica Vigo con Baiona e que utilizan a diario viguesas e vigueses e tamén moitos condutores de fóra de Vigo.

Resulta incomprendible que se rescaten 4 autovías e marxínese de novo á cidade de Vigo, castigándolle a seguir pagando peaxes na súa comunicación cos Concellos do Val Miñor.

Unha proba máis da falta de atención á cidade de Vigo, nesta ocasión tan descarada como que se destinan recursos a varios ámbitos de Galicia, do cal nos felicitamos, e mantense o pago de peaxes para os condutores que se comunican no tramo de Vigo e Baiona.

O Presidente Rueda debe decretar de inmediato a gratuidade da autoestrada autonómica AG-57, entre Vigo e Val Miñor, atendendo así de maneira igualitaria ao territorio que segue soportando peaxes por utilización das vías de comunicación que dependen da Xunta de Galicia.

É unha decisión que pode adoptar de inmediato, igual que o fixo coas catro autovías mencionadas.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

### ACORDO

- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, a decretar, de forma inmediata, a gratuidade pola utilización da actual autoestrada AG-57, entre Vigo e Baiona, liberándoa das actuais peaxes que soportan os usuarios da mesma.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 16 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



VOTACIÓN: Con dezanove votos (19) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e catro votos (4) en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2024 (Rex. Nº 4682/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "Instando ao Presidente da Xunta de Galicia a gratuidade pola utilización da autoestrada AG-57, entre Vigo e Baiona", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**7.(197). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA UNHA INVERSIÓN SIGNIFICATIVA PARA A MELLORA DA FACHADA DE COSTA, DENDE TEIS ATA SAN MIGUEL DE OIA. EXPTE. 4683/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2024, número 4683/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A cidade de Vigo é a máis poboada de Galicia e a que ten máis extensión de kilómetros cadrados e de costa hacia a Ría de Vigo.

A inversión da Xunta de Galicia na nosa fachada marítima se focaliza, soamente, na Avenida de Beiramar, á que se lle asignan 487.327 euros no Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para 2025. Pola contra, outras cidades de Galicia contan con inversións significativas, como pode ser os 7.003.235 euros para a fachada marítima da Coruña, máis outros 2.896.768 euros, ou os 1.600.000 para a fachada marítima de Ferrol, que se unen a outras actuacións nestas cidades como o tunel do Parrote ou o Boulevard de As Pías, respectivamente.

Como galegos, nos alegamos de que outras cidades teñan apoio para as súas infraestruturas e para mellorar a súa fachada litoral pero, como vigueses, non podemos deixar de reivindicar o mesmo trato para a nosa cidade que tamén precisa, e merece, integrar o ámbito portuario coa cidade e a nosa costa con infraestruturas de mobilidade propias deste século e adaptadas ás necesidades dunha cidade activa e, cada vez, máis acollidora de persoas doutras partes de Galicia, España e do mundo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 17 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Demandar da Xunta de Galicia unha inversión significativa para a mellora da nosa fachada de costa, dende Teis ata San Miguel de Oia, por importe de 10.000.000 de euros, ao igual que fai noutros municipios como Coruña, cun total de 9.900.003 euros.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos (19) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e catro votos (4) en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2024 (Rex. Nº 4683/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, “Demandando da Xunta de Galicia unha inversión significativa para a mellora da fachada de costa, dende Teis ata San Miguel de Oia”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **8.(198). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á PLANIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS NO PAC. EXPTE. 4684/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2024, número 4684/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“O pasado día 16 de Outubro, as urxencias extrahospitalarias da rúa Pizarro, o que coñecemos como PAC de Pizarro, estiveron só co 25% do persoal. Dito así pode soar unha simple porcentaxe, pero quizais sexa mellor dicir que na quenda de noite, quedou cun só medico dos catro que tiñan que estar na quenda.

Pero este feito, que podería considerarse puntual, non é novo e vemos que se repite ao longo do ano, e é tamén habitual nos últimos anos.

Podemos lembrar outros feitos como que o PAC rexistra ata 4 horas de espera por derivacións desde os centros de saúde e isto sucedía leste mesmo mes. Ou que o PAC estrea agosto cun médico menos.

Denuncian a falta de reforzo no PAC de Vigo: “A presión asistencial é tremenda”. É unha afirmación que transmitían os profesionais que arrastraban desde inverno unha sobrecarga de traballo e que se agravou no mes de agosto polo turismo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 18 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Tamén sabemos que as tan anunciadas medias extraordinarias non evitan, nin evitaron faltas de persoal puntuais. Ou situacións como as que se produciron no verán onde tres centros de saúde pecharon pola tarde por falta de persoal. E esta medida conlevou unha maior presión asistencial sobre o PAC de Vigo durante os meses de verán.

E así poderíamos seguir con situacións, que como se repiten continuamente.

Non é de estrañar que os e as profesionais do PAC digan que o PAC de Vigo converteuse nun “caixón de xastre”. Pero o certo é que están a asumir un importante volume de pacientes que lles derivan dos centros de saúde. E se non son capaces de atender aos pacientes, isto derivará nunha saturación das urxencias hospitalarias.

Estamos a falar da saúde dos vigueses e das viguesas e como adoita dicirse coa saúde non se xoga.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia que planifique os recursos humanos no PAC de tal forma que non volvan repetirse estas situacións e asuman a responsabilidades políticas de feitos tan graves.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos (19) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e catro votos (4) en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2024 (Rex. Nº 4683/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, “Instando á Xunta de Galicia a planificación dos recursos humanos no PAC”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

#### PARTE DE CONTROL

#### MOCIÓNS.

**9.(199). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INSTALAR NA CIDADE UN MONUMENTO CONMEMORATIVO DAS HISTÓRICAS LOITAS OBREIRAS DE 1972. EXPTE. PLENO 4676/1101.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 19 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2024, número 4676/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

## MOCIÓN

### *“PARA INSTALAR NA CIDADE UN MONUMENTO CONMEMORATIVO DAS HISTÓRICAS LOITAS OBREIRAS DE 1972*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2022 cumpriuse o 50 aniversario de dous fitos transcendentais na Historia recente de Galiza e do movemento obreiro no noso País. Os sucesos do 10 de marzo, en Ferrol, onde a policía franquista reprimía con dureza unha protesta laboral asasinando os traballadores Amador Rei e Daniel Niebla. E a folga xeral en Vigo en setembro dese mesmo ano, desenvolvida recollendo a onda de solidariedade que a nosa cidade e comarca protagonizaran en marzo e que daba resposta á enorme conflictividade laboral presente naquela altura.

O 10 de marzo e a folga xeral en Vigo do 1972 constitúense como eventos chave que significan a capacidade de autoorganización da clase traballadora galega e afirman o carácter combativo da nosa cidade.

Por todo o anterior, e dentro dos diferentes actos e accións que a Confederación Intersindical Galega (CIG) quixo desenvolver no marco desta conmemoración, o sindicato trasladou formalmente ao Goberno municipal do Concello de Vigo proposta de doar á cidade un monumento conmemorativo esculpido en pedra, deseñado polo escultor Javier Diéguez Mosquera, sinalando como é preceptivo que a doazón da obra escultórica (xa realizada e cuxo custe foi asumido pola CIG) estaría condicionada á súa exhibición en vía pública na cidade e ao compromiso expreso por parte do Concello de Vigo de respetar a integridade artística da mesma e non practicar alteracións sobre o seu deseño.

As xestións co Goberno municipal iniciáronse no mes de xaneiro do propio ano 2022, a través do concelleiro de Emprego, Abel Losada, e despois, do de Fomento, Javier Pardo. Esas xestións materializáronse nun primeiro escrito formal, rexistrado o 3 de febreiro de 2022 e reiterado, por falla de resposta, o 8 de abril dese ano. Nese escrito, a CIG propuña como posíbel localización o bulevar da Avenida de Castelao, pola relevancia que o barrio de Coia tivo nos sucesos que se queren conmemorar.

Atendendo as indicacións do Goberno municipal que rexeitaba esa proposta inicial e na que se sinalaba que se escollese un lugar concreto no Monte do Castro, o 1 de agosto de 2022, a través doutro escrito formal rexistrado, a CIG alteraba a proposta de localización para a explanada empedrada sita a carón do Paseo de Rosalía de Castro do referido Monte do Castro, no nivel superior do correspondente ao monumento dos Galeóns de Rande.

Porén, este lugar tamén volvía ser rexeitado polo Goberno, indicando de maneira expresa como localización a explanada sita no interior da muralla no monte do Castro, a carón da torre de telecomunicacións, polo que a través dun novo escrito formalizado no rexistro o 18 de agosto de 2022 o sindicato asumía a localización proposta sempre e cando a mesma reunise as mínimas condicións para un monumento que quere recordar unha data desta importancia e que tecnicamente puidese ser instalada sen grandes problemas e contratemplos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 20 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

No entanto, o 22 de agosto daquel ano, realizouse a visita ao lugar proposto por unha representación da CIG, o propio escultor e técnicos municipais evidenciándose a existencia de importantes dificultades de calado, tendo coñecemento nese momento dos trámites necesarios ante Patrimonio confirmando todo elo a práctica imposibilidade da súa materialización.

Pouco tempo despois, no mes de outubro, a proposta do departamento de Fomento do Concello foi a de instalar o monumento na confluencia entre a o Paseo Rosalía de Castro e o Paseo dos Cedros, tamén no interior do parque do Castro. Opción que tamén sería finalmente desbotada, aludindo, de novo, a falla de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza.

Así mesmo, o pasado 15 de marzo do presente 2024, a CIG solicitou formalmente a realización dunha xuntanza co Alcalde co seu Secretario Xeral e co seu Secretario Comarcal de Vigo, para tratar de desbloquear esta situación. Esa solicitude de xuntanza non foi nunca atendida e, por este motivo, foi reiterada o pasado mes de setembro, sen ter obtido tampouco resposta até o momento.

Toda esta tramitación evidenciou a absoluta disposición da CIG a colaborar e a procurar unha solución acordada que permita o obxectivo de que a cidade de Vigo conte cun monumento que conmemore as loitas obreiras que protagonizou en setembro de 1972. No entanto, a xestión municipal de maneira evidente non ten conducido a permitilo, ficando nesta altura inda pendente de indicacións por parte do Concello de Vigo de cara a definir unha nova localización.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno do Concello de Vigo a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Urxir ao Goberno municipal a adoptar coa maior axilidade todas as medidas necesarias para posibilitar, dunha vez por todas, a doazón pola CIG e instalación da cidade de Vigo do monumento conmemorativo das loitas obreiras de 1972, nunha localización acordada coa entidade doadora."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con sete (7) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e dezaseis (16) abstencións dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.24 (Rex. Nº 4676/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*Para instalar na cidade un monumento conmemorativo das históricas loitas obreiras de 1972*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 21 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

\*.- **Incidencia.** Ás 12,42 h., incorpóranse á sesión o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión.

\*.- **Incidencia.** Ás 12,45 h., auséntanse da sesión a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, e a concelleira Sra. Alonso Suárez, do grupo municipal Socialista. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

## 10.(200). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE OS INCUMPRIMENTOS E INEXECUCIÓNS DO GOBERNO LOCAL NOS INVESTIMENTOS EN TEIS. EXPTE. 4679/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2024, número 4679/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE OS INCUMPRIMENTOS E INEXECUCIÓNS DO GOBERNO LOCAL NOS INVESTIMENTOS DE TEIS

O goberno de Abel Caballero leva anos incumprindo os seus compromisos con Teis, anunciando proxectos e partidas orzamentarias que nunca se executan e que van pasando das contas dun ano ao outro sen que se fagan realidade. Así acontece nos casos da piscina, o mercado e a ‘biblioteca’ que no 2025 volverán contar con cartos para a execución dunhas obras que xa tiñan que estar rematadas ou, cando menos, en execución logo de que neste 2024 non se investira nin un só euro dos cartos que estaban previstos.

De feito, no caso da ‘Biblioteca’ estamos diante dunha infraestrutura que acumula máis dunha década de promesas baleiras por parte do alcalde. E a día de hoxe, descoñecemos exactamente cales son os plans do goberno local para este novo equipamento.

A veciñanza reclama efectivamente unha biblioteca con fondo de libros e servizo de préstamos, mentres Abel Caballero continúa a xogar coa ambigüidade e a retorcer intencionadamente as palabras para vender unha sala de lecturas como o que non é, tal e como ten acontecido con todos os espazos abertos ao longo destes anos, tanto en Navia como no Auditorio Mar de Vigo ou na Casa do Patín, en Bouzas, onde a realidade desminte as palabras de Caballero.

Cómpre, polo tanto, que o goberno local se comprometa neste pleno, e sen ningún xénero de dúbida, coa construción dunha auténtica biblioteca no barrio de Teis, incrementando se fai falta a partida orzamentaria prevista, e garantindo que as obras se executen ao longo do próximo ano, tal e como reflicten as contas municipais, deixando de adiar un proxecto longamente demandado no barrio.

Outras das demandas da veciñanza non escoitadas por este goberno é a reapertura da piscina da ETEA despois do incendio que inhabilitou as instalacións da rúa Coutadas, no 2022. Logo de incluír unha partida nos orzamentos deste ano para a súa reconstrución, o goberno local vén de anunciar recentemente un novo proxecto que, de cumprir cos prazos, non estaría rematado antes do 2028. O que supón que Teis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 22 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

non poida gozar deste servizo, polo menos, durante seis anos, cando de ter atendido a petición do barrio a día de hoxe xa podería contar novamente con este servizo.

De seguro que o custe para a súa recuperación non acadaría os 670.000 euros que este goberno vén de perder nunha subvención de fondos Next Generation destinada a reforma do mercado de Teis por non executar as obras en tempo e forma. Cartos que agora temos que por do peto de todo os vigueses. Por certo, unha reforma comprometida no 2017 e que tamén contaba con partida orzamentaria neste 2024 que igualmente quedou en papel mollado. Está por ver se este próximo 2025 o goberno cumpre coa súa palabra.

O que parece que vai seguir abandonado é o paseo da Guía, que leva dous anos valado sendo un dos puntos turísticos con máis potencial da nosa cidade. Os veciños e o grupo municipal do Partido Popular temos denunciado o peche desta zona sen que o goberno local se teña referido ao mesmo. Un lugar que parece caeu no esquecemento deste goberno, como acontece tamén co parque da Riouxa, onde o goberno de Caballero leva tempo sen acometer as obras de mantemento necesaria para a súa posta en valor.

Do mesmo xeito, demandamos tamén que o goberno local se lembre da antiga fabrica de pinturas do barrio, de propiedade municipal dende o 2001, e que poña en marcha un estudo de necesidades e usos co obxectivo de reforzar os servizos e dotacións municipais cos que conta o barrio.

#### ACORDOS:

- 1.- Instar a ao goberno municipal a comprometerse coa construción dunha auténtica biblioteca municipal en Teis, con fondo de libros e servizo de préstamos, así como todos os servizos e actividades propias destas dotacións culturais. Rexeitando deste xeito os plans para que só sexa unha sala de lectura, como acontece noutros puntos da cidade.
2. Instar do goberno local a que recupere e habilite a piscina da ETEA para poder prestar este servizo aos veciños, como mínimo, durante o tempo que duren as obras de construción do novo complexo na rúas Coutadas.
3. Demandar que o goberno local propoña un concurso de ideas para poder recuperar o edificio da antiga fabrica de pinturas, de propiedade municipal, co obxectivo de reforzar os servizos e dotacións públicas coas que conta o barrio.
- 4.- Instar ao goberno local a acometer, de xeito inmediato, os traballos de reforzo do paseo do Monte da Guía, que leva dous anos pechado, sen que haxa unha data no horizonte para súa reapertura.
- 5.- Instar ao goberno local a actuar de xeito urxente no mantemento do parque da Riouxa para recuperar este espazo de para o lecer dos veciños
- 6.- Instar ao goberno local a comprometerse publicamente a que as obras do Mercado de Teis se executan neste vindeiro 2025 para non ter que recorrer novamente a un acto de fe, logo dos incumprimentos pasados."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 23 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

VOTACIÓN: Con catro (4) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores Benavides Alonso, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e quince (15) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.10.2024 (Rex. Nº 4679/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Sobre os incumprimentos e inexecucións do Goberno Local nos investimentos de Teis", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**10.A.(201). MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN CONTRA DO POSTERGAMENTO DA CONEXIÓN FERROVIARIA DE ALTA VELOCIDADE ENTRE VIGO E PORTO. EXPTE. PLENO 4686/1101. REXEITADA A URXENCIA.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro de 2024, número 4686/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN DE URXENCIA  
"EN CONTRA DO POSTERGAMENTO DA CONEXIÓN FERROVIARIA DE ALTA VELOCIDADE ENTRE VIGO E PORTO

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

No marco da denominada cimeira ibérica que se está a celebrar en Faro, constatouse a través de declaracións públicas realizadas onte polo presidente do Goberno español, Pedro Sánchez, que o executivo central prioriza a conexión por tren de alta velocidade entre as cidades de Lisboa e Madrid (con 200 quilómetros pendentes) co compromiso expreso de que estea operativa no ano 2030, fronte a conexión entre Porto e Vigo (na que só resta por completar 25 quilómetros entre Vigo e Valença), que se situaría no ano 2032. Esa afirmación, contrasta coa prioridade que por parte do goberno luso se lle dá e quere seguir dando á conexión Vigo-Porto, tal e como manifestou de maneira rotunda o primeiro ministro de Portugal, Luís Montenegro, afirmando que a pretensión do seu goberno é axilizar os prazos e calendario inicialmente previstos.

Os feitos sinalados constitúen obxectivamente un acontecemento e asunto da máxima relevancia, na medida en que a conexión de alta velocidade entre a nosa cidade e Porto, a denominada Saída Sur, é unha infraestrutura de carácter estratéxico para Vigo, a súa área e o conxunto de Galiza, que ten sido longamente demandada de maneira practicamente unánime, polo que é necesario que o Pleno do Concello de Vigo se pronuncie de maneira enérxica na defensa da súa axilización e rexeitando o postergamento da súa posta en marcha en favor de ningunha outra conexión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 24 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



A Saída Sur é unha conexión estratéxica para Vigo e a súa área, e tamén para o conxunto de Galiza, que permitiría reforzar o papel da área viguesa como motor da eurorrexió Galiza-Norte de Portugal e configuraría a nosa cidade como un nodo ferroviario de primeira magnitude.

Contrasta, neste sentido, a aposta decidida que o goberno portugués está a facer en favor deste proxecto coa notábel falla de avances no Estado español desde o ano 2007, por causa da falla de compromiso efectivo dos sucesivos gobernos centrais.

Na actualidade, a Saída Sur fica continúa pendente dun novo estudo informativo, após a caducidade dos anteriores, e a Comisión Europea retrasou recentemente a súa posta en marcha ao ano 2040. No entanto, o Goberno español comprometeu expresamente no acordo de investidura suscrito entre PSOE e BNG, que a conexión de alta velocidade entre Vigo e Porto estaría en servizo na contorna do ano 2030.

As manifestacións realizadas o polo presidente do Goberno español, Pedro Sánchez, na cimeira hispano-lusa, trasladando de maneira expresa que a prioridade do seu executivo é a conexión directa entre Lisboa e Madrid (con 8 veces máis trazado pendente de execución que Vigo-Porto) para o ano 2030 e postergando a posta en marcha da Saída Sur de Vigo, supoñen un incumprimento do compromiso asumido como condición para a súa investidura. Aliás, contrastan coa vontade do goberno portugués de seguir a priorizar a conexión Vigo-Porto defendendo, mesmo, a axilización dos prazos inicialmente previstos.

Vigo, e o conxunto de Galiza, teñen padecido historicamente unha permanente desatención das súas necesidades en materia ferroviaria o que ten suposto un lastre para o noso desenvolvemento. Resulta, de toda maneira, inxustificábel que o Goberno español pretenda volver priorizar Madrid -como esixía a presidenta madrileña Isabel Díaz Ayuso-, a pesar de contar xa cunha amplísima conexión ferroviaria de alta velocidade, sobre a vertebración do Eixo Atlántico no que xoga un papel fulcral a conexión da cidade de Vigo. Unha decisión que só pode estar motivada pola aplicación dunha visión centralista que coloca a Vigo e Galiza nun papel periférico e subordinado, que a cidade non pode, nin vai tolerar.

Polo que, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar ao Goberno español a priorizar e axilizar, como defende o goberno de Portugal, a posta en marcha da conexión ferroviaria de alta velocidade entre Vigo e Porto, a denominada Saída Sur, sen postergala en favor de ningunha outra conexión e incorporando nos orzamentos xerais do Estado do vindeiro ano e seguintes exercicios a dotación económica necesaria para efectivizala no horizonte do ano 2030."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓ DA URXENCIA: Con sete (7) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e quince (15) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 25 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 24.10.24 (Rex. Nº 4686/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, *“En contra do postergamento da conexión ferroviaria de alta velocidade entre Vigo e Porto”*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**10.B.(202). MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRA A DECISIÓN DO GOBERNO DE ESPAÑA DE DISCRIMINAR O AVE VIGO-PORTO FRONTE Á LIÑA MADRID-LISBOA EN CONTRA DOS PLANS DO GOBERNO LUSO DE PRIORIZAR A CONEXIÓN POR ALTA VELOCIDADE COA NOSA CIDADE. EXPTE. PLENO 4688/1101. REXEITADA A URXENCIA.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro de 2024, número 4688/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

«MOCIÓN DE URXENCIA

CONTRA A DECISIÓN DO GOBERNO DE ESPAÑA DE DISCRIMINAR O AVE VIGO-PORTO FRONTE Á LIÑA MADRID-LISBOA EN CONTRA DOS PLANS DO GOBERNO LUSO DE PRIORIZAR A CONEXIÓN POR ALTA VELOCIDADE COA NOSA CIDADE

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Este xoves, 23 de outubro, o mesmo día en que o alcalde-presidente do pleno da corporación de Vigo asinaba e formalizaba a convocatoria de sesión ordinaria para o vindeiro luns 28 de outubro, o presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, confirmaba, durante a celebración do cumio ibérico, que a prioridade do seu executivo con respecto as conexións por alta velocidade entre España e Portugal é priorizar a liña Madrid-Lisboa diante do Vigo-Porto. Uns plans que chocan coa estratexia do goberno luso, que pola contra aposta de xeito decidido e prioritario pola conexión coa nosa cidade.

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/10/23/espana-portugal-difieren-fechas-prioridad-ave-vigo-oporto-madrid-lisboa-110178747.html>

Como queira, xa que logo, que o prazo para a presentación de mocións ordinarias ten rematado, rexistramos esta moción de urxencia para demandar do pleno un posicionamento contrario, claro e rotundo sobre esta discriminación a Vigo así como instar ao Goberno de España a rectificar e apostar pola conexión Vigo-Porto, cando menos, coa mesma intensidade e nos mesmos prazos que a Madrid-Lisboa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O XXXV cumio ibérico, celebrado o pasado martes 23 de outubro na localidade portuguesa de Faro, deixounos como principal titular a confirmación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 26 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Goberno de España de discriminar a conexión por AVE entre Vigo e Oporto co obxectivo de priorizar a liña Madrid-Lisboa.

A conexión por alta velocidade que conecte e artelle a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal é un proxecto fundamental e longamente demandado para garantir o desenvolvemento futuro do noso país.

É por iso que os plans de Pedro Sánchez supoñen un novo agravio comparativo para a nosa cidade en materia de infraestruturas, o que reflicte o seu nulo compromiso con Vigo. Unha discriminación da que tamén é cómplice o Partido Socialista logo de apoiar cos seus votos no Parlamento Europeo a decisión da Comisión de situar esta conexión na rede básica ampliada, cun horizonte de finalización fixado no 2040.

Con todo, o máis grave é que esta decisión do presidente do Goberno español choca cos plans do executivo portugués de priorizar a nosa liña, ata o punto de que o seu obxectivo é anticipar ao máximo o calendario, mentres sitúa no 2034 a conexión entre Lisboa e Madrid.

Xa que logo, en troques de camiñar xuntos e coordinados, o goberno de Pedro Sánchez ten decidido actuar dende a xordeira e a deslealdade institucional cos nosos veciños, apostando por construír primeiramente os 200kilómetros entre Plasencia y Toledo ante que os apenas 25 entre Vigo e a fronteira lusa.

Fronte a esta condena inxustificable á nosa cidade e ao noso futuro, cómpre que este pleno se manifeste rotundamente en contra destes plans do executivo central e inste ao mesmo a rectificar e a apostar polo AVE Vigo-Porto cando menos coa mesma intensidade que o Lisboa-Madrid, traballando da man do goberno portugués aliñando o cronograma das actuacións a ambos lados da fronteira cun obxectivo común e compartido, chegar ao mesmo tempo o antes posible.

#### ACORDOS:

1.- Expresar o rotundo e claro rexeitamento deste pleno a decisión do Goberno de España discriminar a conexión por alta velocidade entre Vigo e Porto en favor da liña Madrid-Lisboa e instar ao presidente do goberno, Pedro Sánchez, e o seu executivo a rectificar o seus plans para priorizar esta liña, tal e como demanda e está a facer o goberno luso.

2.- Instar ao goberno español a establecer un plan de investimentos e un cronograma de actuación conxunto co goberno portugués co obxectivo de traballar de xeito coordinado e da man á fin de abordar as obras ao mesmo tempo.»

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con sete (7) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores Benavides Alonso, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e quince (15) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago



Copia do documento - Concello de Vigo  
4720-1101

Data impresión: 23/01/2025 09:43 | Páxina 27 de 34  
CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 24.10.2024 (Rex. Nº 4688/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Contra a decisión do goberno de España de discriminar o AVE Vigo-Porto fronte a liña Madrid-Lisboa en contra dos plans do Goberno Luso de priorizar a conexión por alta velocidade coa nosa cidade ", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## RESOLUCIÓNS.

### **11.(203). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 24/09/24 E O 21/10/ 24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1768/1102 (EXPTE. PLENO 4677/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 24/09/24 e o 21/10/24, incluídas no expediente 1768/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

### **12.(204). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 24/09/24 E O 21/10/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE .1769/1102 (EXPTE. PLENO 4678/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre 24/09/24 e o 21/10/24, incluídas no expediente 1769/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

### **13.(205). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 26.09.24, POLA QUE SE RESOLVE QUE A CONCELEIRA, SRA. IGLESIAS LÓPEZ, DESEMPEÑARÁ A SÚAS FUNCIÓNS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL DE VINTE E SEIS (26) HORAS. EXPTE. PLENO 3891/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 26.09.24, que di o que segue,

"O Pleno do Concello, na súa sesión de data 3.07.2019, ó amparo do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 28 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O artigo 75.5. da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os concelleiros/as que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Con rexistro de entrada do 26/09/2024 o Voceiro do Grupo municipal socialista no Concello de Vigo comunica á Alcaldía que a Concelleira, Sra. Iglesias López, realizará as súas funcións en réxime de dedicación parcial de 26 horas a partir do 1 de outubro deste 2024.

De acordo coa Base 35ª das de Execución do Orzamento xeral do ano 2024 (expte 80/142, URL: [https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica24\\_tramitacion.php?lang=cas](https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica24_tramitacion.php?lang=cas)) a dedicación parcial de 26 horas terá unha retribución de 44.914,84€/ano. Os importes das retribucións revisaranse na mesma proporción que as do persoal ao servizo do Concello de acordo ao previsto anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

**Primeiro.-** Exercerà as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación de vinte e seis (26) horas a seguinte concelleira da Corporación.

Concelleira do G.M. Socialista	Dª Patricia Iglesias López	44.914,84 €

As retribucións sinaladas terán efectos á partir do 01/10/2024.

**Segundo.** O réxime xurídico da dedicación parcial citada será o indicado no acordo plenario da sesión extraordinaria núm. 13/2023 celebrada o 03/07/2023 (punto 13 da acta da sesión) e na resolución de Alcaldía do 07/07/2023 dictada no expte 3891/1101, resolutivos terceiro e sexto a décimo, que se transcriben a continuación:

*«[...] Terceiro. As retribucións especificadas para cada cargo, así como os trienios que no seu caso correspondan por prestación de servizos noutras Administracións Públicas no caso dos cargos con dedicacións exclusiva, aboaranse en catorce pagas agás as dos Concelleiros/as con dedicación parcial que aboaránse en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.*

*[...].*

*Sexto. Os Concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación ni do Organismo Autónomo Municipal Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Sétimo. Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social aos corporativos mencionados asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.*

*Oitavo. Notificar a presente Resolución a tódolos interesados/as [...]*

*Noveno. Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 29 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Décimo. Dar conta individualizada o Pleno da presente Resolución na vindeira sesión ordinaria. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na páxina web do Concello (Sede Electrónica).»*

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía pola que se resolve que a concelleira, Sra. Iglesias López, desempeñará a súas funcións en réxime de dedicación parcial de vinte e seis (26) horas.

#### 14. FORMULACIÓN DE ROGOS.

**14.1.(206).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. “Que o goberno municipal se dirixa ao Ministerio de Transición Ecolóxica ao efecto de axilizar a habilitación da senda peonil en todo o perímetro da Illa de Toralla e garantir o estrito cumprimento do previsto na Lei de Costas e restante normativa de aplicación”.

**14.2.(207).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. “Rogamos se encargue un estudio que analice o estado da ponte da rúa Progreso, sobre a rúa López de Neira, que presenta gretas e filtracións que preocupan á veciñanza da zona”.

#### 15. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**15.1.(208).** Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. “Tendo en conta a demora da resolución de axudas municipais de comedor, libros e material escolar, e o número de solicitudes que se teñen tramitado ata a data de hoxe, 28 de outubro, nada menos que 47 días despois de comezado o curso escolar sen que as familias teñan noticias desas axudas, vai desprezar o Concello con urxencia as medidas necesarias para garantir que todas as crianzas que necesitan acudir ao comedor escolar poidan facelo, sen agardar a resolución definitiva?”.

**15.2.(209).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. “¿A que cambio de leis se refire o goberno local para xustificar a súa negativa a outorgar novamente as axudas de 205 euros destinadas a que as familias viguesas adquiren os libros de texto do seus fillos, logo de que o primeiro ano tamén emprégase este argumento para non darlla aos vigueses que estudian en colexios de fora da cidade e despois cámbiase ao ano seguinte?”.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario outubro 2024  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 28 de Octubre de 2024 09:53:49



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 30 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Fecha Fin : Lunes, 28 de Octubre de 2024 13:03:40  
Duración : 03:09:51

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3498](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3498)

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.5 GiB

Url -

https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/j1VymbV7E6DJK8VdfxdhciU7gcjDesfjZjCBjEIfv  
kWY0Ey8.wmv

SHA512 - 035360072c7fc831fb010a8cf5dd52ed89ed317db14b82951130b920ec92e17783ceae2  
f3089a4bc5d846b1d4defbec2610acdba2cfab0f3e7b3fafcd5e0710d

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.1 GiB

Url -

https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/Fs2y07g0zJ3YByvoBmeMGKeocTJhs4cJuo7NpwsEY  
UI5lE6Y.mp4

SHA512 - 3e4311b0675e00795139e0a294cdc7cae76d654b3af95b7d1862ce33d33e51a147e4c07  
57857c95413486a17f61fa6b64dcfcdf9ca6bcc7757a2289f30d49cf1

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:45 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:08 : 1. Actas anteriores: extraordinaria do 24 de setembro e ordinaria do 30 de setembro.
- 00:01:21 : 3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2024. Expte. 28736/541 (Expte. Pleno 4668/1101).
- 00:01:43 - Intercambio do puntos do orde do día 2 e 3
- 00:01:43 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:05:34 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:05:43 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:06:08 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:20 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:10:32 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:10:45 - García González, Patricia
- 00:14:46 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:15:09 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:18:24 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 31 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 00:18:42 : 2. Dar conta do Estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2024, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 290/143 (Expte. Pleno 4666/1101).
- 00:18:49 - Aneiros Pereira, Jaime  
 00:23:19 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:23:31 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:28:39 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:28:44 - García González, Patricia  
 00:33:50 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:33:56 - Aneiros Pereira, Jaime  
 00:37:03 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:37:12 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-
- 00:38:30 - -Dar conta das mocións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular-
- 00:39:14 : 4. Moción do grupo municipal Socialista esixíndolle á Xunta de Galicia a inversión de cinco millóns de euros para a mellora da eficiencia enerxética necesarias nos centros educativos vigueses. Expte. Pleno 4680/1101.
- 00:39:36 - Alonso Suarez, María Olga  
 00:44:35 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:44:41 - -Minuto de silencio en memoria de Marta Souto-  
 00:46:22 - Martínez Piñeiro, Ana  
 00:51:23 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:51:31 - Benavides Alonso, Daniel  
 00:56:35 - Silva Rego, Carmen  
 00:56:44 - Alonso Suarez, María Olga  
 00:59:43 - Silva Rego, Carmen  
 00:59:53 - Votación [10:53:42]
- 01:00:09 : 5. Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de Galicia unha inversión significativa para a mellora das infraestruturas viarias. Expte. 4681/1101.
- 01:00:25 - Aneiros Pereira, Jaime  
 01:05:33 - Silva Rego, Carmen  
 01:05:47 - Abalde Comesaña, Filipe  
 01:10:41 - Silva Rego, Carmen  
 01:10:50 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 01:14:04 - Silva Rego, Carmen  
 01:14:35 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 01:15:48 - Silva Rego, Carmen  
 01:15:59 - Aneiros Pereira, Jaime  
 01:18:49 - Silva Rego, Carmen  
 01:18:53 - Votación [11:12:47]
- 01:19:11 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a gratuidade pola utilización da autoestrada AG-57, entre Vigo e Baiona. Expte. 4682/1101.
- 01:19:31 - López Font, Carlos  
 01:24:27 - Silva Rego, Carmen  
 01:24:34 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:29:21 - Silva Rego, Carmen  
 01:29:28 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 01:34:01 - Silva Rego, Carmen  
 01:34:19 - López Font, Carlos  
 01:35:24 - Silva Rego, Carmen  
 01:36:03 - López Font, Carlos  
 01:37:41 - Silva Rego, Carmen  
 01:37:47 - Votación [11:31:43]
- 01:38:10 : 7. Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 32 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Galicia unha inversión significativa para a mellora da fachada de costa, dende Teis ata San Miguel de Oia. Expte. 4683/1101.
- 01:38:28 - Aneiros Pereira, Jaime
  - 01:43:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
  - 01:43:39 - Abalde Comesaña, Filipe
  - 01:48:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
  - 01:48:45 - Martín Peña, José Miguel
  - 01:53:33 - Aneiros Pereira, Jaime
  - 01:56:40 - Silva Rego, Carmen
  - 01:56:41 - Votación [11:50:30]
- 01:56:59 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á planificación dos recursos humanos no PAC. Expte. 4684/1101.
- 01:57:13 - López Font, Carlos
  - 02:02:17 - Silva Rego, Carmen
  - 02:02:23 - Martínez Piñeiro, Ana
  - 02:06:43 - Silva Rego, Carmen
  - 02:06:50 - Sanchez Mendez, Luisa María
  - 02:11:25 - Silva Rego, Carmen
  - 02:11:31 - López Font, Carlos
  - 02:14:31 - Silva Rego, Carmen
  - 02:15:40 - Votación [12:09:22]
- 02:16:08 : 9. Moción do grupo municipal do BNG para instalar na cidade un monumento conmemorativo das históricas loitas obreiras de 1972. Expte. Pleno 4676/1101.
- 02:16:30 - Pérez Iglesias, Xabier
  - 02:21:50 - Benavides Alonso, Daniel
  - 02:24:17 - Silva Rego, Carmen
  - 02:24:22 - López Font, Carlos
  - 02:29:27 - Silva Rego, Carmen
  - 02:29:32 - Pérez Iglesias, Xabier
  - 02:32:31 - Silva Rego, Carmen
  - 02:32:40 - Votación [12:26:29]
- 02:32:59 : 10. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre os incumprimentos e inexecucións do goberno local nos investimentos en Teis. Expte. 4679/1101.Resolucións.
- 02:33:11 - Martín Peña, José Miguel
  - 02:38:15 - Silva Rego, Carmen
  - 02:38:20 - Pérez Iglesias, Xabier
  - 02:43:20 - Silva Rego, Carmen
  - 02:43:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
  - 02:48:31 - Silva Rego, Carmen
  - 02:48:43 - Martín Peña, José Miguel
  - 02:51:41 - Caballero Álvarez, Abel
  - 02:51:51 - Votación [12:45:40]
- 02:52:27 : 10a. Moción de urxencia presentada polo Bloque Nacionalista Galego
- 02:52:54 - Pérez Iglesias, Xabier
  - 02:53:39 - Caballero Álvarez, Abel
  - 02:53:44 - Martín Peña, José Miguel
  - 02:54:47 - Caballero Álvarez, Abel
  - 02:54:50 - Martín Peña, José Miguel
  - 02:54:54 - López Font, Carlos
  - 02:55:56 - Caballero Álvarez, Abel
  - 02:56:04 - Votación [12:49:53]
- 02:56:21 : 10b. Moción de urxencia presentada polo Grupo Popular
- 02:56:36 - Martín Peña, José Miguel
  - 02:57:37 - Caballero Álvarez, Abel
  - 02:57:44 - Pérez Iglesias, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/01/2025 09:43

Páxina 33 de 34

4720-1101

CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 02:58:53 - Caballero Álvarez, Abel
- 03:02:54 - Votación [12:56:43]
  
- 03:03:16 : 11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 24/09/24 e o 21/10/ 24, incluídas no expediente 1768/1102 (Expte. Pleno 4677/1101).
  
- 03:03:26 : 12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 24/09/24 e o 21/10/24, incluídas no expediente .1769/1102 (Expte. Pleno 4678/1101).
  
- 03:03:32 : 13. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 26.09.24, pola que se resolve que a concelleira, Sra. Iglesias López, desempeñará a súas funcións en réxime de dedicación parcial de vinte e seis (26) horas. Expte. Pleno 3891/1101.
  
- 03:03:49 : 14. Formulación de rogos.
- 03:04:00 - Caballero Álvarez, Abel
- 03:04:11 - Abalde Comesaña, Filipe
- 03:04:32 - Caballero Álvarez, Abel
- 03:04:42 - Martín Peña, José Miguel
- 03:04:53 - Caballero Álvarez, Abel
  
- 03:05:02 : 15. Formulación de preguntas.
- 03:05:04 - Caballero Álvarez, Abel
- 03:05:09 - Martínez Piñeiro, Ana
- 03:05:37 - Caballero Álvarez, Abel
- 03:07:28 - Martín Peña, José Miguel
- 03:07:55 - Caballero Álvarez, Abel
- 03:09:51 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e tres minutos (13:03) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 18/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.  
am.

A PRESIDENCIA  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO  
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:43	Páxina 34 de 34
4720-1101	CSV: A9AHC5-CC3483-8C53CB-J2N9VJ-6ATBYP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		